

# BELÉN FELIÚ

Título:  
GARDANDO DA LURA A TINTA E LAVANDO O RESTO

Eslogan Publicitario:  
TODO POLA LAVADORA

AXIOMA I:  
ADORO O CHEIRO DA MIÑA LAVADORA CANDO  
CENTRIFUGA

## DIALOGO 1

—¡Escachouse a lavadora!  
—Xa che dixen que lle metías demasiado deterxente.  
(...)  
—A min xa mo dixera o mecánico dunha vez que veu.  
—¿E canto che tardou, en vir?

## ENSOÑACIÓN 1:

OU ESCOITA ISRAEL  
O GRITO DO TEU POBO

Aquel xeito que tiñas de mergullar, querida,  
sumida no mis-mis do mimo  
—entre aclarados—

Vizosa e ridente  
(Pourquoi pas?)  
coa túa espuma que,  
por momentos,  
deixabas pousar.  
A través do ventaniño chiscabas o uniollo.

## IDA ES

Coma se algo che mancasse no bandullo,  
no bandullo espiritual (Supoño)  
que de resistencias nada souben

MURCHOS OS TEUS APAIXOADOS WATIOS  
NADA SON

Xa non centrifugas, amor.

## DIALOGO 2

—Non, daquela era só para cambear a goma, que  
estaba toda picada e perdía.  
(...)  
—E, para poñer a nova, untouna con xabón e..., e logo  
entrou coma unha luva. Si, señora

## MONOLOGO EXTERIORES 1

(Eu devecía pola miña lavadora e dende onte,  
¡que desgracia!)

## ENSOÑACION 2

OU MANDA CHOVER NA HABANA

Ignorabámolo todo sobre cal é a medida de todas as  
/cousas

Con entusiasmo  
Coa auga da marea lambendo  
os pés  
As costas  
case en paralelo  
tamén.

C R E A C I Ó N

E bicamos a "epojé"  
(con todo o ser que eramos)  
E non quixemos  
saber nada  
Máis nada.

#### METACITATIO 1

"NEN SEQUERA TI PODERAS MERGULLARTE DUAS  
VÉCES NO MESMO RIO"

—Citou con esa necrofántica visión de futuro  
que tiña, o desgraciado—

#### MONOLOGO INTERIORES 1

Non sei que roupa traer;  
Neste lugar  
nunca é o mesmo

#### COROLARIO

XAMAIS LAVAMOS DABONDO



#### ESCOLIO

("Versus a cistite do nexo intelectual")

PERDERON O NEXO  
E DISQUE ESVARABAN  
MEDOÑENTOS E TRANSCENDENTAIS  
POLO MEDIO DOS ICEBERGS  
SEN INTERROGAR

AS AUGAS

*"...toda unha vida por inventar..."*



C R E A C I Ó N